

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONCESIÓN DE DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA NA ÁREA DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA OS ANOS 2023 A 2025 (TU981C)

Primeiro.- O 08 de febreiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 17 de xaneiro de 2023 pola que se regulan as bases para a concesión de dúas bolsas de formación práctica na Área de Estudos e Investigación da Axencia de Turismo de Galicia

Segundo.- A Comisión valorou os méritos dos candidatos e as entrevistas, de conformidade co previsto na convocatoria, e formulou un informe, no que se concretou o resultado da avaliación efectuado e a puntuación obtida, e o remitiu ao órgano instructor, que elaborou unha proposta de resolución provisional, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas interesadas puidesen formular alegacións.

Terceiro.- Transcorrido o trámite de audiencia o órgano instructor formulou a proposta de resolución definitiva, ordenando as puntuacións de maior a menor

Cuarto.- De acordo co establecido nas bases da convocatoria e á vista da proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar as bolsas ás persoas que a continuación se relacionan na contía que se indica en cada caso:

NOME	APELIDOS	DNI	DURACIÓN	DATA PREVISTA INCORPORACIÓN	RETRIBUCIÓN MENSUAL
Alexandra	Pexegueiro Díaz	***8415**	2 anos	01/06/2023	1.200 €
Xeila	Portas González	***6240**	2 anos	01/06/2023	1.200 €

Segundo. Contra esta resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

A Directora da Axencia Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](#)

